

RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE FEBREIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA A VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS E A ADMISIÓN EN ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

PREÁMBULO

A Universidade de Vigo, no marco do Espazo Europeo de Educación Superior e da súa política de internacionalización, debe garantir un procedemento claro, obxectivo e homoxéneo para a validación parcial de estudos universitarios cursados no estranxeiro e para a correspondente admisión en ensinanza universitarias oficiais de grao, cando proceda.

Este procedemento permite adiantar a resolución ante a crecente demanda de solicitudes de validación parcial de estudos universitarios. Axústase á normativa estatal vixente en materia de organización das ensinanza universitarias oficiais, acceso e admisión aos estudos de grao e recoñecemento de estudos estranxeiros, en particular á *Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario*, ao *Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade* (na súa redacción vixente); ao *Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanza universitarias de sistemas educativos estranxeiros*, e ao *Real decreto 534/2024, do 11 de xuño* (na súa redacción vixente, incluída a modificación operada polo *Real decreto 482/2025, do 17 de xuño*). Así mesmo, será de aplicación a *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

A validación ou recoñecemento de materias deste procedemento ríxese tamén polo *Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo*, aprobado en Consello de Goberno do 25 de xuño de 2025 e, en especial, no referente ao Título III e ao artigo 21 de dito regulamento.

En virtude das competencias que corresponden á Reitoría e de conformidade coa normativa interna vixente da Universidade de Vigo en materia de admisión e de recoñecemento e transferencia de créditos,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

PRIMEIRA. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente resolución establece o procedemento para a tramitación das solicitudes de validación parcial de estudos universitarios realizados en institucións estranxeiras e, de ser o caso, para a admisión en ensinanza universitarias oficiais de grao da Universidade de Vigo por esta vía.

2. Para os efectos desta resolución, entenderase por validación parcial o recoñecemento de materias ou módulos superados nunha institución estranxeira como equivalentes a materias do plan de estudos do



grao da Universidade de Vigo ao que se solicita o acceso, de acordo coa normativa estatal e coa normativa interna vixente sobre recoñecemento e transferencia de créditos.

SEGUNDA. Persoas solicitantes e requisitos xerais

1. Poderán solicitar a validación parcial ao abeiro deste procedemento as persoas que acrediten estudos universitarios estranxeiros e que pretendan continuar os seus estudos nun grao da Universidade de Vigo, sempre que non se trate de plans en proceso de extinción sen docencia efectiva nas materias pendentes.

2. A solicitude poderá referirse a estudos estranxeiros non concluídos ou concluídos. No caso de estudos concluídos, a persoa interesada deberá declarar que non iniciou, ou que non manterá simultaneamente en tramitación, un procedemento de homologación ou de declaración de equivalencia do título estranxeiro en España, salvo nos supostos nos que a normativa estatal permita expresamente a validación parcial.

3. En todo caso, a validación estará condicionada á existencia de equivalencia suficiente entre as competencias, os contidos e a carga lectiva acreditadas e as correspondentes materias do plan de estudos de destino.

TERCEIRA. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015.

2. O prazo de presentación será durante os meses de marzo e abril.

3. A solicitude deberá dirixirse á unidade administrativa do centro que imparta o grao solicitado. Cando un mesmo grao se imparta en máis dun centro da Universidade de Vigo, a persoa solicitante deberá realizar a solicitude nun único centro.

CUARTA. Documentación

1. Xunto coa solicitude achegarase, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) A copia do documento de identificación da persoa solicitante. No caso de que non se acredite suficientemente a identidade, poderá requirirse unha certificación do rexistro civil do país de orixe.

b) A certificación académica na que figuren a denominación dos estudos e a titulación á que conducen os citados estudos, as materias e as actividades superadas, as cualificacións, a carga lectiva horaria (no caso de que figure en créditos, deberá entregarse unha certificación de equivalencia dos créditos en horas lectivas) e a escala de cualificacións.

c) O plan de estudos da titulación, coa ligazón á páxina web de descarga ou co selo da institución de orixe.

d) Os programas de estudos de cada unha das materias e actividades académicas das que solicita o recoñecemento do curso académico de superación da materia ou actividade académica, nos que figuren os obxectivos, os coñecementos adquiridos e, de ser o caso, as prácticas realizadas, con indicación expresa das materias da titulación de destino para as que se solicita o recoñecemento. Tales programas deberán estar debidamente paxinados e precedidos obrigatoriamente dun índice no que se sinalen as páxinas nas que se localicen as materias e as actividades académicas das que se solicita o recoñecemento.



e) No caso de que se conclúen os estudos, a declaración responsable de non ter solicitada a homologación en España, xunto coa copia do título universitario ou equivalente. No caso de non ter expedido aínda o título, unha copia do documento que acredite a súa solicitude.

f) Se a homologación do título foi denegada, debe entregarse unha copia da resolución de denegación.

2. Os documentos nos que se recollan as certificacións académicas deberán estar legalizados coa apostila do Convenio da Haia, ou se o país non é asinante, legalizados por vía diplomática.

3. Exceptúanse os expedidos por países da Unión Europea, Espazo Europeo de Educación Superior, ou signatarios do acordo do Espazo Económico Europeo e Suíza.

4. Se os documentos están expedidos noutros idiomas distintos ao galego e ao castelán, deberán estar traducidos a unha destas linguas por unha persoa tradutora-intérprete xurado ou polas misións diplomáticas e oficinas consulares.

5. No caso de que o tradutor/a sexa estranxeiro, deberá legalizarse a tradución vía apostila do Convenio da Haia ou a través da representación consular española.

6. Aceptarase no proceso de admisión a documentación sen a legalización, que se deberá achegar unha vez admitida a persoa solicitante. Se durante o proceso de admisión xorden dúbidas sobre a documentación presentada non legalizada, requiriráselles ás persoas interesadas para que emenden ou melloren a súa solicitude.

7. A falta de presentación da documentación legalizada no momento de formalizar a matrícula é unha causa de anulación desta e cando proceda convocarase a seguinte persoa da listaxe de agarda.

QUINTA. Instrución e resolución do procedemento

1. A unidade administrativa do centro comprobará a integridade da solicitude e poderá requirir a emenda de defectos ou a achega de documentación complementaria, outorgando o prazo legal correspondente.

2. As solicitudes de recoñecemento e as de admisión para quen teña estudos universitarios estranxeiros parciais ou completos, resolveranse por delegación reitoral polos órganos de dirección do centro antes do 31 de maio. As resolucións de recoñecemento terán validez mentres estea en vigor o plan de estudos da titulación obxecto de recoñecemento. As resolucións de admisión terán validez para o curso académico para o que se solicite.

SEXTA. Admisión en estudos de grao por esta vía

1. A admisión no grao solicitado quedará condicionada á obtención dunha resolución favorable de validación parcial e á existencia de prazas dispoñibles, de acordo cos criterios de acceso e admisión vixentes e aplicables en cada curso académico. A validación (recoñecemento de créditos) farase efectiva na unidade administrativa do centro correspondente cando a persoa solicitante acepte a admisión no grao elixido e formalice a matrícula nos termos establecidos pola Universidade de Vigo.

2. Con carácter xeral, cando a persoa solicitante obteña a validación dun mínimo de 30 créditos ECTS no grao de destino e resulte admitida, poderá formalizar matrícula no centro solicitado nos termos establecidos pola Universidade de Vigo para o curso académico correspondente.

3. Se, por non dispoñer de praza, non fose posible materializar a admisión no centro solicitado, a persoa interesada deberá solicitar praza a través do procedemento xeral de admisión que corresponda,



Comisión Interuniversitaria de Galicia – CiUG, ou o órgano competente conforme á normativa estatal vixente.

4. Cando a validación resultante sexa inferior a 30 créditos ECTS, a persoa interesada deberá acceder ao grao pola vía xeral de acceso e admisión, sen prexuízo de que a validación se faga efectiva e se incorpore ao expediente unha vez formalizada a matrícula, de acordo coa normativa aplicable.

5. No caso de que a persoa solicitante deba solicitar praza a través do procedemento xeral de admisión, os estudos que dean acceso á universidade no país de procedencia deberán estar homologados aos correspondentes ao bacharelato do sistema educativo español, sen necesidade de superar probas de acceso, agás que a persoa solicitante desexe mellorar a súa cualificación de acceso, segundo o establecido no Real decreto 534/2024.

SÉTIMA. Requisitos lingüísticos e outros

A Universidade de Vigo poderá requirir acreditación de coñecemento suficiente de galego e/ou castelán cando a lingua de docencia así o aconselle, de conformidade coa normativa interna e coas condicións publicadas polo centro e pola titulación.

OITAVA. Protección de datos

Os datos persoais achegados serán tratados pola Universidade de Vigo coa finalidade de tramitar o procedemento regulado nesta resolución, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RXPDP) e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas políticas de protección de datos vixentes na Universidade de Vigo.

NOVENA. Recursos

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

DÉCIMA. Disposición derogatoria

Quedan sen efecto cantas disposicións internas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta resolución.



UNDÉCIMA. Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación polos medios institucionais previstos e será aplicable desde ese momento.

Vigo, 20 de febreiro de 2026

O REITOR

Manuel Joaquín Reigosa Roger

